# ACTA 2 DA REUNIÓN DE NEGOCIACIÓN DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA.

ASISTENTES:

EN REPRESENTACIÓN DA CONSELLERÍA DE FACENDA:

- Dª Rosa Mª Pedrosa Pedrosa, Secretaria Xeral e do Patrimonio.
- D. Ramón del Valle López, Xefe do Servizo de Xestión de Persoal.

EN REPRESENTACIÓN DAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS:

- D. Fulgencio Fernández Martínez e Alexandre Banhos Campo, da CIG.
- D. Pedro Méndez Gil e Yolanda Castañosa Caballero, de CC.OO
- D. Mónica Ramos Gende e Ángeles Bellón, da UGT.
- D. José Francisco Sánchez – Brunete Varela e Yolanda Martínez Martínez , da CSIF.

En Santiago de Compostela, na sala de xuntas da Consellería de Facenda, ás trece horas (13:00 h.) do día 6 de outubro de 2010, reúnense as persoas que á marxe se relacionan para estudar a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Facenda, conforme coa convocatoria efectuada na sesión anterior do 1 de outubro de 2010.

**Primeiro.**

A representación das organizacións sindicais expoñen o contido das alegacións correspondentes a cada unha delas que se trancreben a seguir :

**ALEGACIONS DA CIG A MODIFICACIÓN DA RPT DA CONSELLARIA DE FACENDA.**

**-1º Asunto:** Postos de traballo que se clasifican como de concurso L.D. e que non son subdirectores xerais.

- Chefes territoriales.- a CIG é conforme que sexan L.D.

No resto dos postos os elementos alegados como fundantes desa necesidade de LD, serian extendíbeis a todos os postos da Consellaria.
Ollemos esas necesidades en sintese:

- *Tratar con dados de carácter pesoal e garantir a sua protección.* (Isto fan-no todos os empregados da consellaria que além diso e como funcionários estam legalmente obrigados ao debido sigilo sobre as cousas que tratan)

- *A especial responsabilidade dos postos e a eficiencia no seu desenvolvimento.* Nesta consellaria non se limita aos postos propostos para LD. No ejemplo que se coloca, pergunto: quen coñece mellor a relación de bens herdados o chefe de Servizo ou o funcionario/a que liquida o imposto? O resultado é xusto ao contrário do sostido na motivación.

-*Alegan-se dependéncia de alto cargo*. Alén de ser esa declaración vaga, ten que se ser consciente quen a propon que iso serve para a totalidade de postos da Consellaria, o que mostra an sua non adecuación.

Na Consellaria há ademais umha exixéncia de especial preparación para eses postos, o requisito de pertencerem a escala de finanzas, poñan-se xá que logo abertos a concurso xeral das pesoas que reúnan os requisitos, baremen-se ben as condicións obxetivas dos candidatos, e incluso submetan os postos a avaliación, a especiales condicións de horários…e se non serven con un procedimento contraditório removan-nos. Porém a Consellaria carece de datos e estudos, de que teña acrecentado de xeito especial a sua eficácia, nos postos LD con respeito aos que non ten esta condizon.

A CIG – opon-se a que todos os postos propostos para concurso LD o sexan. Aceitando que a LD se aplicase aos seguintes postos contra o critério xeral:

Os de Interventor/a delegado/a, pola necesidade real de que a intervención sexa un mecanismo de axuda e colaboración e non un interruptor no funcionamento ordinario, dadas as especiais características do posto de interventor.

No caso dos dous asesores da Consellaria en Vigo e Coruña. Quizá habería que valorar a razon da sua existéncia, a da figura do asesor, con o custe que conleva, e con os mecanismos de que se dispom para proporcionar asesoramento en todo lugar desde os servizos centrais. A propria experiencia do funcionamento deses postos, neste momento de necesidade de aforro, deveria levar a suprimi-los.

**-2º Asunto:** Os postos da escala de finanzas e a necesidade de recoñecer a experiencia de anos de traballo eficiente de funcionarios e funcionarias desenvolvendo ese mesmo trabalho sen pertencerem a escala de finanza.

A Consellaria deberia saber os problemas que se están producindo actualmente, onde xente apañada da lista da escala de finanzas, vai para postos que non son ofertados en comisión de servizos a pesoas que xá os levaron no seu dia, e que logo

na prática seguen a ter que leva-los por careceren de experiencia e preparaión as pesoas da lista de escala de finanzas.
Se a Secretaria Xeral pesquisa un pouco descubrirá uns cuantos casos, que alén de outras questións son fonte de malestar no ambiente do traballo.
Na RPT debe valorar-se a experiencia de pessoas que durante un número mínimo de anos (a fixar) desenvolveron determinados postos con eficácia e eficiencia, que en muitos caos converteron-se en verdadeiros mestres expertos na matéria e que un corporativismo – escalismo- mal entendido non resolve.
A experiencia de outras administracións con procesos de integración nas escalas similares poderia seguir-se aquí con xenerosidade, mas non ten sentido desprezar preparacións reais e práticas o que non trabilla (necesariamente) a prol de termos umha mellor administración.

**-3º Asunto:** postos do grupo c1, c2 para os que se requer experiéncia.

Lembramos-lle a Consellaria que acuando da criazon da escala de finanzas, estaba previsto o desenvolvimento do seu nível básico, e até se falara de iniciar un procedimento de integración e formación das pesoas que ocupaban os postos na Consellaria nesa escala básica, con interesantes benefícios para todos administración e pesoas.

A Consellaria non fixo nada, mas neste caso quer valorar experiéncia e fai-no con un critério contrario ao que se pasaba con os postos da escala de finanzas, para os que a experiencia non valia por seren adxudicados à escala. Entendemos que non se poden usar os mesmos argumenmtos nun sentido e no contrario, e alén diso deberia haber un exame pormenorizado que determinase aqueles postos onde son necesários coñecimentos económico financieros –experiéncia- e cuais non- por serem de administración pura. E aquí na proposta temos um pouco um totum revolutum.

Desde a CIG non se aceita a proposta nestas condicións, e anima-se à consellaria a regular a escala de finanzas no seu nível básico (agentes tributários grupo c), e a integración das pesoas (A.1.2) con experiencia medíbel e comprobável na escala de finanzas (a.1.2)

**-4º Asunto:** Abertura de prazas a outras administracións.
A proposta vai contra o critério aprobado na nosa administración do 5% das prazas abertas e de xeito mui taxado – F:P poderá explicar ben o asunto a esa Secretaria Xeral.

Segundo, se se aspira a que veñan pesoas procedentes da AEAT, nese caso, as exixéncias e dificultades de aceso ten que ser polo menos iguais às que AEAT coloca para os funcionarios da Xunta da Galiza que quixeren acesar a ela, onde há unha pontoación aos da AEAT que faz na prática a mobilidades nese sentido praticamente imposíbel.

**-5º Asunto:** prazas idénticas en distintas localidades e com méritos e requisitos distintos.

Isto chama-se facer postos ad hoc pola via de méritos, e unha bulra do sistema xeral de concurso. E na RPT proposta temos varios postos iguais en distintas localidades a teren exixencias distintas para iso. Un ex. A Sec. Asuntos xerais em Ourense, mas non é a única na RPT que se propon.

**ALEGACIÓNS DE CC. OO. Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA R. P. T. DA CONSELLERÍA DE FACENDA.**

CCOO reiterou as súas alegacións á proposta feita pola Administración e que, en resumo, son as seguintes:

- ✓ *Debe de respectarse a porcentaxe do 5% dos postos base abertos a outras Administracións, e tamén nas prazas de LD (de feito, nalgunha RPT negociada recentemente xa se deron pasos nesta liña).*
- ✓ *Na proposta da Administración mantense, sen ningunha xustificación, requisitos imprescindibles distintos aos esixidos para o acceso que pechan as prazas aos grupos A (no caso de licenciaturas) e A-B (no caso de diplomaturas). Solicitamos que estes requisitos de titulación sexan substituídos por méritos; que valorados de xeito suficiente nas bases dos concursos poderían garantir a cobertura desas prazas por persoas con titulación precisa, pero evitando o prexuízo que se esta a ocasionar na actualidade a aqueles funcionarios/as dos grupos B e C os que, tendo a titulación, e por desta circunstancia non se lles permite o acceso a ditos postos.*
- ✓ Desde CCOO rexeitamos a cobertura por LD dos servizos da D.X. de Tributos, do servizo de Estudos e Estatísticas, os Asesores Técnicos das Delegacións e a Sección de Incompatibilidades de Altos Cargos (D.X.F.P.). Non se axustan aos criterios e funcións acordados e, polo tanto, deben de proverse por concurso.
- ✓ Propuxemos unha solución para aqueles funcionarios/as que non son da escala e veñen ocupando postos exclusivos da escala dende antes da súa creación, xa que na situación actual ven limitadas as posibilidades de promoción ao non poder quedar no seu posto por non cumprir cos requisitos. A alternativa que plantexamos consiste en que se abran a XERAL mentres estes ocupados pos estes funcionarios/as.
- ✓ Do mesmo xeito, non estamos de acordo co peche a escala das Subdireccións e os Servizos das áreas que non son propias da escala, como Planificación, Orzamentos, Política Financeira ou Secretaría:
    - o No caso das Subdireccións, que son de LD, non ten sentido e provoca limitacións e problemas de cobertura.

- No caso dos Servizos, ou ben ás funcións non teñen nada que ver coas da escala (e mesmo noutras consellerías eses postos son de Xeral), ou ben as Subdireccións das que dependen non son da escala.

De manterse esta situación tamén nestes casos impídese a promoción profesional dos funcionarios que actualmente as ocupan e impídese o seu desempeño por aqueles que as ocuparon con anterioridade e queren volver a ocupalas. Nalgún caso moi concreto no que a materia o requira podería perfilarse o posto co requisito de experiencia 193 (Pentenza ás escalas de finanzas ou experiencia en materia economico-financeira).

- ✓ Así mesmo, rexeitamos a utilización perversa que fai a Administración do apartado de Formación Específica, esixindo como requisito imprescindible a experiencia acadada no propio posto de traballo. É un contrasentido que só poida acreditala o persoal que accedeu a estes postos cando non se esixía ningunha experiencia previa e, polo tanto, deber ser eliminado ou, cando menos, substituído por mérito. Especialmente sangrante é o caso da D.X. de Planificación e Fondos.
- ✓ A Administración dispón para as xefaturas de negociado e sección nomes xenéricos que non ofrecen ningunha indicación das súas funcións (ex. xefe/a de Sección I, xefe/a de Sección II en substitución da Sección de Tesourería e Habilitación ou da Sección de Asuntos Xerais e Persoal, respectivamente) co argumento de ter unha maior flexibilidade na utilización dos recursos. Poren, entendemos que estas "coletillas" son unha boa orientación á hora de escoller unha praza en concurso, polo que entendemos que deben manter a súa denominación.
- ✓ As xefaturas de negociado de habilitación (nivel 20), situados nos servizos periféricos, deben de estar abertos aos grupos A2, C1 e C2, como o resto das xefaturas de negociado.

Por outra banda, cómpre aclarar que a observación de "horario especial" que aparece na Xefatura de Negociado e na Xefatura de Grupo do Departamento Territorial da Coruña é un erro motivado polo seu traspaso desde Presidencia (pois eran do Rexistro).

A Consellería manifestou a súa intención de reducir os postos abertos a outras Administracións eliminando os códigos A11 dos postos de LD na Dirección Xeral de Tributos e nos Departamentos Territoriais, de abrir a corpos xerais o Servizo de Xestión Orzamentaria da Secretaria Xeral e de reducir os méritos nun intento de acercar posturas. Sen embargo, desde CCOO advertímoslle que para contaren con noso apoio é fundamental acadar unha solución ao problema xerado polo peche das prazas á escala de finanzas, que nega ao persoal dos copos xerais que as desempeña desde fai tempo a posibilidade de promoción profesional ou de volver a ocupalas. Isto pode supoñer un deterioro do servizo e un prexuízo para a propia consellería que ten que prescindir de persoal con experiencia.

# ACTA 2 DA REUNIÓN DE NEGOCIACIÓN DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA.

## ALEGACIÓNS DE U. G. T. Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA R. P. T. DA CONSELLERÍA DE FACENDA.

ALEGACIÓNS AS CUESTIÓN XERAIS

1º. Apertura das prazas a outras admnistracións, non aceptamos a apertura de prazas a outras administracións que superen o 5% establecido para o total da Xunta de Galicia. Solicitamos se teña en conta este dato para facer o cómputo de prazas abertas a outras administracións. Solicitamos que se lle aplique este 5% ás prazas de LD do mesmo xeito cas de concurso.

2º-Entendemos que non é necesaria o conservar tantos postos como LD_ xa que se fai unha interpretación sesgada e interesada, en especial cando se fala do criterio 1: dependencia de alto cargo, do disposto no "Acordo sobre criterios e actuacións a realizar en desenvolvemento do artigo 28 da Lei da Función Pública de Galicia". Solicitamos que se revisen as prazas abertas que continúan a estar como LD e se pasen a concurso todas as que sexa posible.

3º.- Solicitamos a revisión dos postos que figuran como vacantes ou non vacantes. Ainda que na publicación da RPT esta columna non conste, a efectos da Consellería esos datos son erróneos e deben de ser corrixidos, como é por exemplo:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FC.C99.10.000.32001.037 | XEFE SECCIÓN II | NON | 25 | 11.775,82 | N | C | A1-A2 | A9.1/A9.4 |

que figura como non vacante e na actualidade está vacante.

4º.- Formación específica, non aceptamos a inclusión de requisitos imprescindibles e entendemos si é necesaria algunha formación específica esta debe ir incluída únicamente como mérito cando sexa xustificado polas características e funcións das prazas e de xeito uniforme en todas aas prazas das mesmas características. Solicitamos se eliminen de esta proposta de RPT as codificación que sexan requisito imprescindible, especialmente a 831, a 842, a 843, a 931...etc.

ALEGACIÓNS A CUESTIÓNS ESPECÍFICAS

5º.- Rexeitamos firmente a inclusión da licenciatura en dereito (código 501) nesta praza de xefe de sección,

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FC.C99.10.000.32001.033 | XEFE/A SECCIÓN | SI | 25 | 11.775,82 | N | C | A1-A2-C1 | XERAL | 069-197-50 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EF.C99.10.000. 32001.037 | XEFE SECCIÓN DE ASUNTOS XERAIS E PERSOAL | | | | | | | |

Máximo cando este é o único caso no que ocorre, xa que en prazas análogas do resto das provincias non existe esta formación específica.

6º.- Non estamos dacordo coa inclusión, xa que na anterior RPT esto non figuraba, do código 197 experiencia en materia tributaria (mérito), xa que este é un curso que imparte a Egap de xeito moi especifico e para o personal que ocupe estes postos con esta materia.Non nos parece loxico que teñas que ter un merito tan especifico para ocupar un posto de xefe de negociado, nivel 18 ou un xefe de grupo con nivel 14. Estes son algúns exemplos:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CENTRO DE DESTINO: | D. X. DE TRIBUTOS | | | | | | | |
| FC.C05.00.000. 15770.032<br>EF.C04.00.000. 15770.032 | XEFE NEGOCIADO | NON | 18 | 6.447,56 | N | C | A2-C1-C2 | XERAL |
| FC.C05.00.000. 15770.034<br>EF.C04.00.000. 15770.034 | XEFE DE GRUPO | NON | 14 | 5.975,48 | N | C | C1-C2 | XERAL |
| CENTRO DE DESTINO: | S. X. DE IMPOSTOS CEDIDOS | | | | | | | |
| FC.C05.00.001. 15770.009<br>EF.C04.00.001. 15770.009 | XEFE/A NEGOCIADO<br>XEFE NEGOCIADO | SI | 18 | 6.447,56 | N | C | A2-C1-C2 | XERAL |
| FC.C05.00.001. 15770.017<br>EF.C04.00.001. 15770.017 | XEFE/A NEGOCIADO<br>XEFE NEGOCIADO | NON | 18 | 8.130,08 | N | C | A2-C1-C2 | XERAL |
| CENTRO DE DESTINO: PROPIOS | S. X. DE TAXAS PREZOS E DEMAIS TRIBUTOS | | | | | | | |
| FC.C05.00.002. 15770.009 | XEFE/A NEGOCIADO | NON | 18 | 6.447,56 | N | C | A2-C1-C2 | XERAL |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EF.C04.00.002. 15770.009 | XEFE NEGOCIADO | | | | | | | |
| FC.C05.00.002. 15770.010 | XEFE/A NEGOCIADO | NON | 18 | 6.447,56 | N | C | A2-C1-C2 | XERAL |
| EF.C04.00.002. 15770.010 | XEFE NEGOCIADO | | | | | | | |
| FC.C05.00.002. 15770.011 | XEFE NEGOCIADO | NON | 18 | 6.447,56 | N | C | A2-C1-C2 | XERAL |
| EF.C02.00.001. 15770.028 | | | | | | | | |

CENTRO DE DESTINO: S. X. DE RECADACIÓN

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FC.C05.00.003. 15770.008 | XEFE/A NEGOCIADO | NON | 18 | 6.447,56 | N | C | A2-C1-C2 | XERAL |
| EF.C04.00.000. 15770.018 | XEFE NEGOCIADO | | | | | | | |
| FC.C05.00.003. 15770.011 | XEFE/A NEGOCIADO | NON | 18 | 6.447,56 | N | C | A2-C1-C2 | XERAL |
| EF.C04.00.000. 15770.022 | XEFE NEGOCIADO | | | | | | | |
| FC.C05.00.003. 15770.014 | XEFE/A DE GRUPO | NON | 14 | 7.321,30 | N | C | C1-C2 | XERAL |
| EF.C04.00.000. 15770.024 | XEFE DE GRUPO | | | | | | | |
| FC.C05.00.003. 15770.015 | XEFE/A DE GRUPO | NON | 14 | 5.975,48 | N | C | C1-C2 | XERAL |
| EF.C04.00.000. 15770.026 | XEFE DE GRUPO | | | | | | | |

Solicitamos que se revise a funcións dos postos, especialmente en servizos periféricos, antes de poñer o código 197 experiencia en materia tributaria (mérito) na RPT, e si é necesaria a súa inclusión que se faga nas prazas que realmente realizan ditas tarefas.

7º.- Non entendemos porqué a xefatura de sección cuxo código remata 020 se lle pide como formación específica o 397, experiencia en preparación, elaboración e

tramitación de concursos de traslados (mérito) e ás outras duas non. Pedimos que se retire da proposta.

CENTRO DE DESTINO: S. X. DE PROVISIÓN DE POSTOS E SELECCIÓN DE PERSOAL

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FC.C08.00.003.15770.012<br>PR.C03.00.003.15770.022 | XEFE/A SECCIÓN PROVISIÓN I | NON | 25 | 11.775,82 | N | C | A1-A2-C1 | XERAL | | |
| FC.C08.00.003.15770.020<br>PR.C03.00.003.15770.025 | XEFE/A DE SECCIÓN DE PROVISIÓN II | SI | 25 | 11.775,82 | N | C | A1-A2-C1 | XERAL | 397 | |
| FC.C08.00.003.15770.021<br>EF.C06.00.003.15770.010 | XEFE/A SECCION PROVISIÓN III<br>X. SECCION DOCUMENTACION E XESTIÓN ADMINISTRATIVA | NON | 25 | 11.775,82 | N | C | A1-A2-C1 | XERAL | | |

8º.- Con respecto as prazas de xefe de negociado e xefe de grupo que se relacionan a continuación

CENTRO DE DESTINO: DEPARTAMENTO TERRITORIAL A CORUÑA

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FC.C99.10.000.15001.047<br>PR.C99.10.000.15001.092 | XEFE/A NEGOCIADO<br>XEFE/A NEGOCIADO REXISTRO E INFORMACIÓN VIII | 18 | 6.447,56 | C | A2-C1-C2 | XERAL | 020-069-197<br>020 | HORARIO ES | |
| FC.C99.10.000.15001.048<br>PR.C99.10.000.15001.100 | XEFE/A DE GRUPO<br>XEFE/A DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN I | 14 | 5.975,48 | C | C1-C2 | XERAL | 020-069-197<br>020 | HORARIO ES | |

Se teñen horario especial deberían ter un especifico maior, en correspondencia co resto de postos de rexistro con horario especial conforme o establecido no reparto do 10% da masa salarial do 2008 e reflectirse asi na RPT, se pola contra estas prazas non realizan este horario solicítase que se corrixa e non apareza nada no apartado de observacións. Ao mesmo tempo entendemos que sobran os códigos 069(mérito en xestión de persoal) e o 197(mérito en materia tributaria) xa que son prazas de rexistro e información soamente.

9º.- Non entendemos por que esta praza de Pontevedra é a única de xefe negociado de habilitación distinta ás outras provincias, xa que cambia o nome e se lle engade o

código 069 (merito en xestión de persoal), polo que solicitamos que se elimine da proposta o código e non se modifique o nome desta praza.

CENTRO DE DESTINO: DEPARTAMENTO TERRITORIAL PONTEVEDRA

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FC.C99.10.000.36001.031 | XEFE NEGOCIADO | NON | 20 | 7.097,44 | N | C | A1-A2-C1 | XERAL | AXG | | 069 |
| EF.C99.10.000.36001.032 | XEFE NEGOCIADO (HABILITACIÓN) | | | | | LD | | | A11 | | 641 |

O resto destas prazas quedan así: (con este nome e sen código 069)

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FC.C99.10.000.32001.034 | XEFE NEGOCIADO (HABILITACIÓN) | NON | 20 | 7.097,44 | N | C | A1-A2-C1 | XERAL | AXG | | |
| EF.C99.10.000.32001.035 | | | | | | LD | | | A11 | | 641 |

Incluida a de Vigo que tamén queda así:

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FC.C99.10.000.36560.035 | XEFE NEGOCIADO (HABILITACIÓN) | NON | 20 | 7.097,44 | N | C | A1-A2-C1 | XERAL | AXG | | |
| EF.C99.20.000.36560.037 | | | | | | LD | | | A11 | | 641 |

10º.- Non parece moi lóxica a creacción dun posto a maiores de subgrupo A1 de Inspector Tributario na provincia de Ourense, quedando esta provincia con dous inspectores grupo A1 mentres no resto das provincias posúen soamente un, parecería máis coherente que si hai sobrecarga de traballo nesta provincia acreación dunha praza de subinpector subgrupo A2.

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FC.C99.10.000.32001.061 | INSPECTOR TRIBUTARIO | NON | 26 | 13.177,92 | N | C | A1 | | A9.1 | |
| EF.C99.10.000.32001.061 | | | | | | | | | | |
| FC.C99.10.000.32001.062 | INSPECTOR TRIBUTARIO | SI | 26 | 13.177,92 | N | C | A1 | | A9.1 | |
| Posto novo | | | | | | | | | | |

11º.- Debido a carga de traballo que están a impoñerlle aos auxiliares posto base do Departamento Territorial de Ourense, traballo que non lle corresponde por non ser función deste corpo e ademais por non pertencer ao servizo de notificacións, solicitamos solución a maior brevedade posible para este problema.

**ALEGACIÓNS QUE PRESENTA CSIF Á PROPOSTA DE RPT DA CONSELLERÍA DE FACENDA**

---

1.- XUSTIFICACIÓN DA PROVISIÓN DE POSTOS MEDIANTE LD:

Rexeitamos a interpretación extensiva que se fai dende a Secretaría Xeral dos criterios do Acordo asinado entre Goberno e Sindicatos para regular o abuso da cobertura de prazas mediante o sistema de LD.
O Acordo que nun principio naceu coa vocación de regular a discrecionalidade da Administración e limitar as actuacións arbitrarias, está a ser desvirtuado polas distintas consellerías converténdoo nun mecanismo para defraudar o disposto no artigo 30 da Lei de Función Pública.
O recurso a "dependencia directa dun alto cargo" ou a "especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada" é un caixón de xastre para vulnerar o artigo 30 da LFP e converter a cobertura das Xefaturas de Servizo mediante LD como o sistema ordinario.

2.- XEFATURAS DE SECCIÓN DE ADMINISTRACIÓN XERAL

Todas as Xefaturas de Sección de Administración Xeral, a excepción das Seccións Xurídicas, deben de estar abertas aos grupos A1, A2 e C1.
En canto as titulacións académicas para poder concursar a estes postos so poden constituír mérito, pero non requisito imprescindible.

3.- XEFATURAS DE NEGOCIADO E DE GRUPO CON MÉRITO ESPECÍFICO

Non se entende como a un posto de Xefe de Negociado xenérico se lle valora como mérito una formación específica (197: experiencia en materia tributaria) Formación que soamente se pode adquirir no desempeño nas funcións propias do Centro Directivo do que depende ese posto. Tal circunstancia menoscaba o dereito a mobilidades interadministrativa a que ten dereito todo funcionario e só ten explicación si do que se trata é de favorecer no concursos a funcionarios que estean a ocupar estes postos en comisión de servizos. Todo elo máxime cando se trata de postos con denominación xenérica.

4.- Sendo a consellería de Facenda a consellería da que depende a ordenación e coordinación de toda a política en materia de persoal da Administración da Xunta de Galicia, entendemos que debe ser extremadamente escrupulosa na elaboración da súa Relación de postos de Traballo, primando o favorecer os intereses profesional dos empregados públicos no seu conxunto e evitando caer na elaboración dun documento que pretenda favorecer intereses concretos de determinados centros directivos.

A secretaria xeral e do Patrimonio , vistas as alegacións das organizacións sindicais resposta :

Modificaranse os seguintes postos con relación á táboa de equivalencias :

- Posto código EFC060000115770016 : xefe de sección Documentación e Análise. A modificación que se solicita e que pase a depender do novo servizo de Corporacións Locais polo tanto, o seu novo código sería : FCC060000115770031. Ademáis, proponse o cambio da súa denominación coa finalidade de axustarse ás funcións do servizo : xefatura de sección de Corporacións Locais.

- Posto código EFC060000115770018 : xefe de negociado. A modificación que se solicita e que pase a depender do novo servizo de Corporacións Locais; polo tanto, o seu novo código sería : FCC060000115770033.

- Posto código EFC020000115770019 : xefe/a Servizo Control Orzamentario e Contratación, proponse que se modifique o corpoou escala de tal xeito que poida ser ocupado por persoal funcionario da Administración Xeral ou pertencentes á Escala de Finanzas.

- Posto código PRC020000515770 : habilitación de persoal, nivel 20. Proponse que se modifique a denominación, pasando a ser :"negociado" . Polo tanto, ao non desempeñar as funcións de habilitación de persoal, debe pasar a nivel 18. O posto atópase vacante desde xullo de 2010.

- Posto código EFC030000415770009 : xefe sección de contabilidade, figura na táboa de equivalencias na Subdirección Xeral de Control Financeiro Permanente e Auditoría do Sector Público na Intervención Xeral . Debe pasar á Subdirección Xeral de Auditoría de Fondos Comunitarios e Subvencións; en concreto ao Servizo de Auditoría do FSE, na mesma Intervención Xeral.

- Suprímese a expresión "horario especial" dos seguintes dous postos do Departamento Territorial da Coruña : PRC991000015001092 e PRC991000015001100.

Con respecto á forma de provisión de libre designación : reitera que a consellería considera que os postos que figuran con esta forma de provisión na proposta de R. P. T. cumpren as condicións establecidas no Acordo Xunta – Sindicatos de 28 xaneiro de 2008, tal e como se explica e motiva na documentación que se entregou coa convocatoria da xuntanza anterior e como figurará na Memoria Explicativa xeral da proposta de R. P. T.

A clave A11 (adscrición indistinta a funcionarios da Xunta, do Estado ou doutras CC. AA.) pasa a ser a AXG (adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia) nos postos de libre designación dependentes da Dirección Xeral de Tributos e dos Departamentos Territoriais, códigos de posto :

- EFC040000015770001
- EFC040000015770028
- EFC040000015770012
- EFC040000115770001
- EFC040000115770005
- EFC040000115770013
- EFC991000015001117
- EFC040000215770001
- EFC040000215770005
- FCC050000315770001 (posto novo)
- EFC040000015770014
- EFC991000015001060
- EFC991000015001079
- EFC991000015001108
- EFC991000015001119
- EFC991000027001030
- EFC991000027001044
- EFC991000027001074
- EFC991000032001040
- EFC991000032001059
- EFC991000032001078
- EFC991000036001039
- EFC991000036001058
- EFC991000036001077
- EFC992000036560043
- EFC992000036560064
- EFC992000036560087
- EFC992000036560098

Os postos xefatura de negociado nivel 20, pasan a configurarse para os subgrupos A2, C1 e C2.

Estudarase a posibilidade de suprimir o código 197 – experiencia en materia tributaria (mérito), das xefeturas de grupo e dos postos de Departamento Territorial procedentes da Consellería de Presidencia, AA. PP. e Xustiza.

No que se refire aos postos da escala de finanzas, sinálase o mesmo argumento conceptual da xuntanza anterior relativo ás funcións dos postos que se reservan á escala e as funcións propias das especialidades da escala. Tal e como se sinala ao incio desta intervención, modifícase a presente

proposta de R. P. T. no posto de Xefatura de Servizo de Control Económico e Contratación da Secretaría Xeral e do Patrimonio abríndoo á Admón. Xeral.

Suprimiranse determinados méritos que figuran en postos da Dirección Xeral de Planificación, códigos :

- EFC070000015770001, o código 020
- EFC070000015770002, o código 844
- EFC070000015770003, os códigos 501, 506 e 844
- EFC070000115770003, o código 020
- EFC070000015770002, o código 020
- EFC070000115770015, o código 020
- EFC070000215770003, o código 020
- EFC070000215770007, o código 020
- EFC070000215770009, o código 020
- EFC070000215770012, o código 020
- EFC070000215770019, o código 020
- EFC070000215770015, o código 020.

Solicitouse á Dirección Xeral da Función Pública que ao remate da táboa de equivalencias figuraran as definicións dos códigos das distintas especialidades das escalas de finanzas (A9).

**Segundo.**

Fóra da orde do día da xuntanza a representante da organización sindical UGT reitera a cuestión do Departamento Territorial de Ourense no que os auxiliares administrativos saen facer notificacións con coche da Xunta de Galicia.

A secretaria xeral e do Patrimonio resposta, unha vez recibida información do dito Departamento Territorial, que o persoal que realiza esas labouras está amparado coa documentación administrativa necesaria.

Ás dúas horas e trinta minutos (14.30 h.) horas do día da data levántase a sesión.

Asdo: Rosa María Pedrosa Pedrosa Asdo: Ramón del Valle López

Asdo: Fulgencio Fernández Martínez

Asdo: Pedro Méndez Gil

Asdo: Mónica Ramos Gende

Asdo: José Francisco Sánchez–Brunete Varela